

## Información sobre as diferentes materias impartidas no IES “Praia Barraña” de Boiro (A Coruña)

### 1 Identificación da materia

Denominación:

Tecnoloxía e Enxeñaría II (TeEn II)

### 2 Características da materia

Etapa educativa:

Bacharelato

Curso:

1º  2º

Tipoloxía:

Común  Obrigatoria de modalidade  De opción de modalidade  Optativa

Carga lectiva semanal:

1 hora  2 horas  3 horas  4 horas

Materia de contidos progresivos:

Si  Non

Materia previa necesaria de 1º:

Tecnoloxía e Enxeñaría I (TeEn I)

Materia ponderable:

Si, pondera de cara ao acceso ao estudos universitarios  Non

Outras características:

- No IES “Praia Barraña” a materia ofertase dentro do bloque de materias optativas.
- Deberá contar cun **mínimo de 5 alumnos/as** para poder ser impartida.

### 3 Cal é a súa finalidade? Que contidos se traballan na materia?

- A principal finalidade da materia é a de introducir ao alumnado en coñecemento relacionados coa electricidade, a termodinámica, a programación dixital, a electrotecnia e a regulación automática, todos eles moi presentes en estudos superiores do ámbito técnico.
- Materiais: Ensaio (probos de resistencia, raiadura,...) e Tratamentos (templado, revenido, recocido,...).
- Bloque mecánico: motores, bombas de calor e circuitos neumáticos.
- Electricidade: Corrente continua (DC), Corrente Alterna (AC). Son vectores rotatorios mesturados con coñecementos eléctricos. Sempre en monofásica (un pouco máis doado).
- Electrónica dixital combinacional e ampliación a secuencial (biestables).
- Automatización e control. Sistema en lazo pechado e lazo aberto. Simplificación de diagrama de bloques.

### 4 Onde se pode consultar o currículo completo da materia?

- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a *ordenación e o currículo do Bacharelato* na Comunidade Autónoma de Galicia ([DOG do 26 de setembro de 2022](#)).
- Accede ao currículo da materia a través do seguinte [enlace](#) ou consultando o código QR que se indica

